



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO PERSOAL DESTACADO NA OFICINA DA FUNDACIÓN EN BRUXELAS

A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega que baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural. A actividade que se xera no sector rural leva aparelada unha crecente relación co exterior, con terceiros países e unha intensa presenza en órganos e institucións internacionais con capacidade de decisión en relación co rural e os seus recursos.

Para atender estas necesidades a Consellería do Medio Rural necesita dispoñer de forma inmediata de información puntual e precisa en relación coa normativa comunitaria en materias da súa competencia, para o que é importante aproveitar os recursos materiais que ofrece a sede da Fundación en Bruselas, dada a súa proximidade ás institucións comunitarias, que favorecen a obtención da información de forma directa desde os centros que a producen.

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Galicia-Europa para o financiamento dos gastos de funcionamento ocasionados polo persoal destacado nas dependencias da oficina que a Fundación ten en Bruxelas, nos termos establecidos no convenio.

A Consellería do Medio Rural, de acordo co Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, posúe as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, e está altamente condicionada pola política comunitaria da agricultura. Esta consellería é, ademais, membro do Padroado da Fundación Galicia Europa.

Pola súa banda, a Fundación Galicia Europa recolle nos seus estatutos, entre outras, as funcións de promoción de todas aquelas accións legais que fomenten o achegamento da realidade galega á europea, para o que dispón dunha oficina en Bruxelas que sirva de





apoio á sociedade galega en xeral, aos membros do seu Padroado en particular, para a xestión de asuntos relacionados coa Unión Europea e as organizacións rexionais.

Os Estatutos da Fundación Galicia-Europa atribúenlle a esta a promoción de todas aquelas accións legais que fomenten o achegamento da realidade galega á europea, para o que mantén en funcionamento unha oficina en Bruxelas que sirva de apoio á sociedade galega en xeral e ás entidades presentes no padroado da Fundación, en particular, para a xestión de asuntos relacionados coa Unión Europea e as organizacións rexionais. A Fundación Galicia- Europa dispón da única oficina que a Comunidade Autónoma de Galicia ten en Bruxelas e proporciona a inmediatez, o espazo e os medios para levar a cabo as actuacións previstas no presente convenio, medios dos que carece a Consellería do Medio Rural.

Para os efectos sinalados, esta Consellería ten previsto formalizar coa Fundación Galicia Europa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2021.

Este expediente tramítase ao abeiro do establecido no artigo 19.4 a) da Lei de subvencións de Galicia, que establece o procedemento de concesión directa para as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, baixo a forma de convenio. Engadindo o artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que os convenios de colaboración son o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Dado a especificidade das accións a realizar pola Fundación Galicia- Europa para desenvolver estas tarefas non é posible promover a concorrència pública de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O importe do convenio ascende a cinco mil euros (5.000,00 €) que se financiarán con cargo a seguinte aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

2021.14.01.721A.443.02 (Prox. Cont. 2016 00238)..... 5.000,00 €

De conformidade co establecido no artigo 11 a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano,
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 47 18
Fax: 981 54 47 62



Galicia, a Fundación poderá reemplazar a certificación relativa ao cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente o pagamento de débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, así como de non ter pendente o pagamento de débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou ser debedora por resolución de procedencia de reintegro.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Nicolás Vázquez Iglesias

